TRINIDAD LORENZO LEMA (1 para 3)
ADMINISTRATIVA
Data de Sinatura: 19/08/2026
HASH: e7a8f0320af6674586deb22db5b459057

Marcos Graña Rocha (2 para 3)
AGENTE DE POLICÍA LOCAL
Data de Sinatura: 19/08/2026
HASH: 8b6d1085890e2637c1e8c98638cb7c9c

BEATRIZ LOPEZ DE CASTRO GARCIA (3 para 3)
SECRETARIA-INTERVENTORA
Data de Sinatura: 19/08/2026
HASH: caf7dba5e590f6c26d64aebcd9a10224

ACTA DA UNIDADE TECNICA CONVOCADA PARA O ESTUDO DA DOCUMENTACION APORTADA, VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS E PROPOSTA DE ADXUDICACION NA LICITACION DO SUBMINISTRO "VEHICULO PATRULLA ECOLOXICO CON DOTACION MEDIOAMBIENTAL PARA A POLICIA LOCAL DO CONCELLO DE MEAÑO (PASS)" .

EXPEDIENTE: 137/2026

Na Casa Consistorial de Meaño, ás 13:14 horas do día 18 de agosto de 2026 reúnese a unidade técnica, convocada mediante Resolución da Alcaldía de data 18/08/2026, nº 2026-0485, integrada por Dª Beatriz López de Castro García, secretaria- interventora, D Marcos Graña Rocha, policía local e Dª Trinidad Lorenzo Lema, administrativa, como secretaria; para o estudo da documentación aportada, a valoración das proposicións presentadas e formular proposta de adxudicación na convocatoria de licitación do subministro de "Vehículo patrulla ecolóxico con dotación ambiental para a Policía Local do Concello de Meaño".

Reunida con data 03 de agosto a unidade técnica para a apertura e valoración das ofertas presentadas no procedemento de licitación, ao acceder ao Sistema de Licitación Electrónica (SILEX), figuraban como presentadas as seguintes propostas:

Empresa	Data de presentación	Hora
VEHICULOS, EQUIPAMIENTOS Y CARROCERIAS PRIETO-PUGA S.L.	22/07/2026	10:17
BAYSAN QUALTY PRO S.L.	29/07/2026	12:33

Unha vez revisado polos membros da Unidade técnica o contido das proposicións presentadas acorda requerir a empresa BAYSAN QUALTY PRO S.L., para que no prazo de 2 días hábiles dende a recepción da comunicación proceda a subsanar ou enmendar a súa proposición.

Con data 05/08/2026 BAYSAN QUALTY PRO S.L., rexistro de entrada n.º 2026-E-RE-1477, achega a documentación requerida.

Vista a documentación achegada por BAYSAN QUALTY PRO S.L. e o informe emitido polo Policía Local segundo o cal o ponte de luces ARCUS – AR-06AZ non reúne o requisito técnico do grado de protección IPX9 e IPX6, establecido no Prego de Prescricións técnicas que rexen no procedemento.

A vista do cal, a Unidade Técnica propón excluír da licitación a proposta formulada por BAYSAN QUALTY PRO S.L., por non reunir os requisitos técnicos esixidos no Prego de Prescricións Técnicas; quedando a valoración da proposta como segue:

Cod. Validación: M74KKJ72R5WTNXXAXGJX2QK4D
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2

OFERTA	EMPRESA		PREZO (MÁXIMO 70 PUNTOS)	AMPLIACIÓN PRAZO GARANTÍA máximo 15 puntos, 5 puntos por ano)	DISTANCIA TALLER OFICIAL (10 puntos hasta 100 km do concello)	REDUCCIÓN PRAZO DE ENTREGA 5 puntos (Reducción de 7 días)	PUNTUACION TOTAL
1	VEHÍCULOS, EQUIPAMIENTOS Y CARROCERIAS PRIETO-PUGA SL (B15134182)	32.082,00	70,00	5	10	5	90,00

Resultando a empresa VEHICULOS EQUIPAMENTOS Y CARROCERIAS PRIETO-PUGA S.L. proposta para a adxudicación do contrato de subministro de "Vehículo patrulla ecolóxico con dotación ambiental para a Policía Local do Concello de Meaño".

Comprobado no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia se a empresa VEHICULOS EQUIPAMENTOS Y CARROCERIAS PRIETO-PUGA S.L. está constituída, o/a asinante da proposición ten poder para formular a oferta, non se atopa incursa en ningunha prohibición para contratar, constátase que cumpre.

A vista do que antecede a Unidade Técnica formula proposta de adxudicación a favor da empresa VEHICULOS EQUIPAMENTOS Y CARROCERIAS PRIETO-PUGA S.L.

E non sendo outro o obxecto desta unidade técnica dáse por rematada, estendéndose a presente acta que, en proba de conformidade asinan dixitalmente os/as participantes.

Cod. Validación: M74KKJ72R5WTNXXAXGJX2QK4D
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2